

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

7575 *Real decreto 550/2014, do 27 de xuño, polo que se desenvolven os requisitos e o procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias e para a súa inscrición e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.*

O impulso e o fomento da integración de entidades asociativas agroalimentarias constitúen unhas ferramentas de grande importancia para favorecer a súa competitividade, redimensionamento, modernización e internacionalización. En efecto, o fortalecemento das estruturas asociativas e o incremento da súa dimensión facilitarán o desenvolvemento da innovación e a incorporación de novas tecnoloxías, aumentará a súa produtividade e eficiencia e mellorará a súa capacidade de competir, máis eficazmente, tanto no mercado nacional coma nos mercados internacionais.

A Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario, prevé un instrumento básico para contribuír a mellorar a estruturación da oferta e a integración, mediante o redimensionamento das entidades asociativas: a nova figura da entidade asociativa prioritaria (EAP).

A citada Lei 13/2013, do 2 de agosto, nos seus artigos 1, 3 e 5 e na súa disposición adicional única, define a nova figura da entidade asociativa prioritaria, establece as condicións para o seu recoñecemento, mediante o correspondente procedemento regulamentario, e crea, no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, adscrito á Dirección Xeral da Industria Alimentaria.

Resulta, polo tanto, necesario para cumprir o mandato previsto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, proceder ao desenvolvemento regulamentario, en concreto na determinación do montante económico de facturación por sectores produtivos, que se requirirá para acceder á condición de prioritaria, ao procedemento para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias de carácter supraautonómico e ao procedemento para a súa inscrición no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias.

Este real decreto foi sometido á consulta das comunidades autónomas e entidades representativas do sector e dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, co obxectivo de afondar nas reformas estruturais nun sector estratéxico da nosa economía para favorecer o seu desenvolvemento e a xeración de emprego.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xuño de 2014,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver o disposto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario, en particular:

a) Determinar o montante económico de facturación por sectores produtivos, de acordo co código da Clasificación nacional de actividades económicas (CNAE), que se requirirá para acceder á condición de prioritaria.

b) Regular o procedemento para o recoñecemento de entidades asociativas prioritarias de carácter supraautonómico.

c) Regular o procedemento para a súa inscrición no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias.

Artigo 2. *Ámbito do recoñecemento.*

1. As entidades asociativas agroalimentarias susceptibles de recoñecemento como entidade asociativa prioritaria (en diante EAP) son as sociedades cooperativas agroalimentarias, as cooperativas de segundo grao, os grupos cooperativos, as sociedades agrarias de transformación, as organizacións de produtores con personalidade xurídica propia, recoñecidas de acordo coa normativa comunitaria no ámbito da política agraria común, e as entidades civís ou mercantís, sempre que máis do 50 por cento do seu capital social pertenza a sociedades cooperativas, a organizacións de produtores ou a sociedades agrarias de transformación. No caso de que estas entidades económicas teñan a forma de sociedade anónima, as súas accións deberán ser nominativas. Son as previstas no artigo 13 da Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.

Poderán solicitar e obter o recoñecemento como EAP tanto entidades xa existentes como aquelas que pretendan constituírse, que cumpran co conxunto de requisitos establecidos para o dito recoñecemento.

2. Estas entidades poderán ser recoñecidas como prioritarias para os efectos do cumprimento do requisito previsto no artigo 31.d) da Lei 13/2013, do 2 de agosto, nalgún dos seguintes supostos:

a) De solicitar o recoñecemento para un produto determinado, a súa facturación anual, correspondente á produción comercializada do dito produto, deberá ser superior á contía que se sinala na alínea a) do anexo I, para a facturación total da entidade.

Poderá solicitarse o recoñecemento para un ou varios dos produtos que se definen na alínea a) do anexo I, establecidos de conformidade co Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009).

b) De solicitar un recoñecemento xenérico, a súa facturación total anual correspondente ao conxunto de produtos comercializados pola entidade deberá ser superior á contía que se sinala na alínea b) do anexo I.

3. Nos supostos en que a entidade solicitante sexa unha sociedade cooperativa agroalimentaria de primeiro grao, os valores de facturación referidos no número anterior reduciranse un 30 %.

4. Para os efectos de determinar o volume anual de facturación, no suposto de cooperativas agroalimentarias serán de aplicación, en relación coas adquisicións con

terceiros, os límites previstos no artigo 934 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, e no artigo 9 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, de réxime fiscal das cooperativas.

5. Para efectos da determinación do ámbito de actuación supraautonómico, entenderase que existe cando se verifique simultaneamente:

a) Que dispón de socios en máis dunha comunidade autónoma, sen que exceda o 90 % no ámbito dunha concreta. No caso de sociedades de capital, esa porcentaxe determinarase exclusivamente respecto das entidades asociativas integradas nelas.

b) Que a súa actividade económica non exceda o 90 % nunha comunidade autónoma concreta.

Cando para un produto determinado, dos indicados no anexo I, a produción nacional se localice en máis dun 60 % nunha única comunidade autónoma, as porcentaxes previstas anteriormente serán do 95 % para o número de socios da alínea a) e para a actividade económica da alínea b). Estas mesmas porcentaxes serán de aplicación cando a entidade desenvolva a súa actividade en máis dun 50 % nunha comunidade autónoma con cinco ou máis provincias.

6. En todos os casos, os valores a que se fai referencia no número 2 deste artigo estarán referidos a calquera dos tres últimos exercicios económicos pechados, previos á solicitude.

CAPÍTULO II

Recoñecemento das entidades asociativas prioritarias

Artigo 3. *Solicitude de recoñecemento como EAP.*

1. A solicitude de recoñecemento como EAP deberaa realizar o representante legal da propia entidade ou os seus promotores, en caso de que estea en proceso de constitución, dirixirse ao director xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e poderase presentar ante as oficinas e rexistros a que se refire o artigo 384 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas, segundo o modelo do anexo II. Así mesmo, a través da sede electrónica do departamento poderase realizar a solicitude, sen prexuízo da obriga de remisión documental daquela documentación xustificativa que deba achegarse mediante orixinais ou copias compulsadas.

2. Deberase xuntar a seguinte documentación:

a) Acordo de vontades da entidade ou entidades que pretendan constituírse como EAP ou, en caso de entidade xa existente, o acordo do órgano de goberno de obter o recoñecemento como EAP, con indicación da denominación ou razón social, do domicilio e do número de identificación fiscal, do lugar e da data de outorgamento.

b) Relación actualizada de todas as entidades que a integran de ser caso, con identificación de todos os produtores que as compoñen coa indicación do territorio da comunidade autónoma onde desenvolven a súa actividade, así como a documentación acreditativa para a verificación do disposto no artigo 25 deste real decreto

c) Estatutos ou disposicións reguladoras da entidade solicitante e de cada unha das que a compoñen, que deberán conter todos os aspectos que se establecen no artigo 3 da Lei 13/2013, do 2 de agosto, e que expresamente recollan:

1.º A obriga da comercialización conxunta da totalidade do produto para o cal se solicita recoñecemento, sen prexuízo das excepcións ou limitacións que por disposición legal ou normativa comunitaria sexan de aplicación.

2.º Previsións para o control democrático no seu funcionamento, na toma das súas decisións polos asociados e garantías para evitar as posicións de dominio, coidando igualmente de respectar o principio de libre adhesión voluntaria e aberta cando a entidade solicitante sexa unha cooperativa agroalimentaria.

3.º Consentimento dos socios á cesión de datos referentes á actividade económica realizada no seo da entidade, relevantes para os efectos do control e cumprimento do disposto na Lei 13/2013, do 2 de agosto, e neste real decreto, de conformidade co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

d) Facturación da entidade solicitante ou da suma das entidades que a integran e dos seus produtores para os produtos específicos ou xenéricos para os cales se solicita o recoñecemento como EAP, conforme o establecido no artigo 26 deste real decreto.

e) No suposto de que a entidade solicitante se acolla ao período previsto na disposición transitoria única, deberase achegar a correspondente declaración ou compromiso da entidade solicitante e das que a integran, de acordo co anexo III deste real decreto.

Artigo 4. *Emenda.*

Cando se advirtan defectos na solicitude ou na documentación que se xunta requirirase o interesado para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, se dará por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, de conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 novembro.

Artigo 5. *Resolución de recoñecemento.*

1. Á vista da documentación presentada, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria ditará resolución motivada e notificaraa no prazo de seis meses, transcorrido o cal poderá entenderse estimada a solicitude.

2. No caso de entidades en proceso de constitución, a resolución estimatoria quedará condicionada á súa efectiva constitución, caso en que deberá achegarse certificación do órgano de goberno acreditativa da efectiva adquisición de personalidade xurídica e o resto da documentación que deba substituír a presentada.

3. A resolución estimatoria determinará a inscrición de oficio pola Dirección Xeral da Industria Alimentaria da entidade recoñecida como EAP no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias, conforme o previsto no capítulo III. No caso de entidades en proceso de constitución, esta verificarase unha vez achegada a documentación a que fai referencia o número anterior.

Ao tempo de practicar a inscrición, remitiráselles copia da folla rexistral aos órganos competentes das comunidades autónomas, afectadas polo ámbito da EAP, para o seu coñecemento e constancia.

4. Contra a dita resolución, que non porá fin á vía administrativa, poderá interperse recurso de alzada ante a secretaria xeral de Agricultura e Alimentación no prazo dun mes, de acordo co disposto no artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 6. *Obrigas das EAP.*

Para os efectos de actualización do rexistro, as EAP deberán presentar anualmente ao peche do seu exercicio económico a seguinte documentación:

a) Depósito anual da relación de produtores que formen parte da EAP e das entidades que a integran.

b) Memoria económica e social anual e informe auditor correspondente en caso de que dispoñan deste.

c) Comunicación na forma expresada no artigo 82 de toda modificación que afecte o recoñecemento como EAP.

CAPÍTULO III

Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias

Artigo 7. *Contido do Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias.*

1. O Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias será único, adscrito á Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co previsto no artigo 5 da Lei 13/2013, do 2 de agosto, encargado da xestión, do mantemento e da actualización das EAP inscritas.

2. Cada EAP terá asignado un número correlativo, independente e único, que se corresponderá co número do arquivo documental que conterá a documentación preceptiva presentada pola entidade, que deberá manterse debidamente actualizada.

Artigo 8. *Modificación e baixa no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias.*

1. As modificacións realizaranse por instancia do interesado e a baixa no rexistro poderá ter lugar de oficio ou por instancia do interesado.

2. Os interesados deberán instar a modificación de calquera acto inscrito que non se adecúe á realidade, no prazo dun mes desde que esta se produza, e indicarán a nova situación, debidamente acompañada da documentación acreditativa para a súa incorporación ao arquivo.

No suposto de que a modificación determinase o incumprimento sobrevido de calquera dos requisitos previstos no artigo 32, esta levará aparellada a baixa provisional no rexistro, durante un prazo de tres meses, transcorrido o cal sen emendar ou achegar documentación acreditativa de que, á luz das novas circunstancias, se cumpre o previsto no referido artigo 32, efectuarase a baixa definitiva, logo de instrución do procedemento administrativo que, en todo caso, garantirá a audiencia do interesado, conforme o previsto no número 4 deste artigo.

3. As EAP causarán baixa no rexistro por vontade expresa, por disolución ou liquidación da EAP, por modificación do seu ámbito territorial, ou por incumprimento de calquera dos requisitos exixidos nos artigos 3 e 54 da Lei 13/2013, do 2 de agosto, e dos establecidos neste real decreto.

4. A Dirección Xeral da Industria Alimentaria procederá de oficio, logo de apercibimento, á baixa do rexistro de EAP daquelas entidades que non presenten a correspondente memoria anual ou que incumpran a obriga prevista no artigo 54 da Lei 13/2013, do 2 de agosto. No prazo de 3 meses desde a notificación do apercibimento e logo de audiencia dos interesados, a Dirección Xeral da Industria Alimentaria ditará resolución motivada e notificarase no prazo dun mes. Contra esta resolución poderá interperse recurso de alzada ante a Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación no prazo dun mes, de acordo co disposto no artigo 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Disposición adicional única. *Non incremento de gasto.*

As medidas incluídas neste real decreto non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Período transitorio.*

As entidades solicitantes recoñecidas que non reúnan o requisito establecido no artigo 32 c).1 disporán dun período transitorio máximo de cinco anos para alcanzar a entrega total dos produtos obxecto de recoñecemento para a súa comercialización conxunta, co seguinte calendario:

- Ao finalizar o 3º ano, a entrega de polo menos o 50 %.
- No 4º ano, o 75 %.
- E no 5º ano, a totalidade da produción dos socios.

Todo iso desde a presentación da súa solicitude, debendo presentar ao final de cada período a correspondente declaración compromiso, conforme o anexo III deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltase a ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar os volumes de facturación a que fai referencia o anexo I deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de xuño de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO I

Volumen mínimos de facturación requeridos para o recoñecemento

a) *Volumen mínimos para o recoñecemento por produto*

Produtos	Recoñecemento por produto		Facturación total da entidade ² (millóns de euros)
	CNAE 2009 ¹	Descrición CNAE	
Aceite de oliva.	1043	Fabricación de aceite de oliva.	500
Oliva de mesa (elaborada).	1089	Elaboración doutros produtos alimenticios n.c.n.p.	150
	1039	Outro procesamento e conservación de froitas e hortalizas.	
Algodón.	0116	Cultivo de plantas para fibras téxtiles.	20
Alimentación animal.	1091	Alimentación animal.	225
	1092	Fabricación de produtos para a alimentación de animais de compañía.	
Apícola.	0149	Outras explotacións de gando.	20
Arroz.	0112	Cultivo de arroz.	60
Avicultura de carne.	0147	Avicultura.	350
Avicultura de posta.	1089	Elaboración doutros produtos alimenticios n.c.n.p.	70
	0147	Avicultura.	
Carne de coello.	0149	Outras explotacións de gando.	35
Cultivos herbáceos (agás arroz).	0111	Cultivo de cereais (agás arroz), leguminosas e sementes oleaxinosas.	300
Flores e plantas de viveiro.	0130	Propagación de plantas.	25
	0128	Cultivo de especias, plantas aromáticas, medicinais e farmacéuticas.	
Forraxos deshidratadas.	0119	Outros cultivos non perennes.	50
Cítricos.	0123	Cultivo de cítricos.	300
Froitas de óso.	0124	Cultivo de froitos de carabuña e pebidas.	125
Froitas de pebida.	0124	Cultivo de froitos de carabuña e pebidas.	80
	0121	Cultivo da vide (mesa).	
Froitas tropicais e subtropicais e plátanos.	0122	Cultivo de froitos tropicais e subtropicais.	500
	0123	Cultivos cítricos.	
	0124	Cultivos de froitos de carabuña e pebidas.	
	0121	Cultivos de vide de mesa.	
	0122	Cultivos de froitos tropicais e subtropicais.	
	0125	Cultivo doutras árbores e arbustos froiteiros e froitos secos.	
	0113	Cultivo de hortalizas, raíces e tubérculos.	
	1032	Elaboración de zumes de froitas e hortalizas.	
	1039	Outro procesamento e conservación de froitas e hortalizas.	
	1085	Elaboración de pratos e comidas.	
Froitas secas.	0125	Cultivo doutras árbores e arbustos froiteiros e froitos secos.	40
Hortalizas (agás pataca).	0113	Cultivo de hortalizas (incluídas sandía e melón), raíces e tubérculos.	400
Leite e produtos lácteos.	1054	Preparación de leite e outros produtos lácteos.	650
	1053	Fabricación de queixos.	
	0141	Explotación de gando bovino para a produción de leite.	
	0143	Explotación de cabalos e outros equinos.	
	0144	Explotación de camelos e outros camélidos.	
	0145	Explotación de gando ovino e cabrún.	
	1052	Elaboración de xeados.	

Produtos	Recoñecemento por produto		Facturación total da entidade ² (millóns de euros)
	CNAE 2009 ¹	Descrición CNAE	
Mostos, viños e alcohois.	1101	Destilación, rectificación e mestura de bebidas alcohólicas.	100
	1102	Elaboración de viños.	
	1104	Elaboración doutras bebidas non destiladas, procedentes da fermentación.	
	1103	Elaboración de sidra e outras bebidas fermentadas.	
	1105	Fabricación de cervexa.	
Ovino e cabrún de carne.	0145	Explotación de gando ovino e cabrún.	100
Ovino de leite e carne.	0145	Explotación de gando ovino e cabrún.	75
Cabrún de leite e carne.	0145	Explotación de gando ovino e cabrún.	40
Pataca.	0113	Cultivo de hortalizas, raíces e tubérculos.	40
Porcino branco.	0146	Explotación de gando porcino.	150
Porcino ibérico.	0146	Explotación de gando porcino.	50
Produción forestal.	0220	Silvicultura e outras actividades forestais.	20
Remolacha (azucreira).	0114	Cultivo de cana de azucre.	30
	0113	Cultivos azucreiros e azucre.	
Subministracións e servizos.	0164	Fertilizantes, fitosanitarios, sementes e outras subministracións agrícolas e gandeiras.	350
	0162		
	0130		
	2015		
	2020		
Tabaco.	0115	Cultivo de tabaco.	40
Tomate transformado.	1039	Outro procesamento e conservación de froitas e hortalizas.	90
	1032	Elaboración de zumes de froitas e hortalizas.	
	0113	Cultivo de hortalizas, raíces e tubérculos.	
	1084	Elaboración de especias, salsas e condimentos.	
	1085	Elaboración de pratos e comidas preparadas.	
Transformados hortofrutícolas (agás tomate).	1032	Elaboración de zumes de froitas e hortalizas.	70
	1039	Outro procesamento e conservación de froitas e hortalizas.	
	1085	Elaboración de pratos e comidas preparadas.	
	1089	Elaboración doutros produtos alimenticios n.c.n.p.	
Vacún de carne.	0142	Explotación doutro gando bovino e búfalos.	70

¹ Incluídos en cada epígrafe os códigos CNAE en materia de transformación e comercialización correspondentes aos produtos obxecto de recoñecemento.

² Facturación total da entidade e das súas entidades participadas (importe neto cifra de negocios). Os valores de facturación reduciranse un 30% cando a entidade solicitante sexa unha cooperativa agroalimentaria de primeiro grao.

b) Volumes mínimos para un recoñecemento xenérico

Recoñecemento xenérico	Facturación total da entidade ³ (millóns de euros)
Conxunto de produtos comercializados pola entidade.	750

³ Facturación total da entidade e das súas entidades participadas (importe neto cifra de negocios). Os valores de facturación reduciranse un 30% cando a entidade solicitante sexa unha cooperativa agroalimentaria de primeiro grao.

ANEXO II

Modelo de solicitude de recoñecemento e inscrición no Rexistro de Entidades Asociativas Prioritarias

(Real decreto/ /2014, do..... de.....)

I. Datos persoais e domicilio do solicitante

Nome e apelidos	NIF	Cargo desempeñado na entidade que representa		
Domicilio				
Rúa/praza e número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono e fax

II. Entidade que representa o solicitante

Nome	CIF			
Dominio/enderezo internet				
Domicilio				
Rúa/praza e número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono

III. Documentación que se xunta

--

IV. Domicilio para efectos de notificación

- 1)
- 2)

V. Produtos para os cales solicita o recoñecemento do anexo I.

VI. Modificacións ou baixa (indíquese, se é o caso,)

VII. Solicitude

O/A que abaixo asina solicita o recoñecemento e a inscrición (1) a que se refire esta instancia e declara que son certos os datos consignados nela, que reúne os requisitos exixidos, acepta as condicións establecidas no Real decreto, comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude e autoriza o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para solicitar da Axencia Tributaria e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a información relativa ao cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social.

..... de de 201..

(Sinatura)

(1) Modificacións ou baixa

ANEXO III

Modelo de declaración de compromiso

(Real decreto .../2014..... disposición transitoria única)

I. Datos do representante

Nome e apelidos	NIF	Cargo desempeñado na entidade que representa		
Domicilio				
Rúa/praza e número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono e fax

II. Entidade que representa o solicitante

Nome	CIF			
Domicilio				
Rúa/praza e número	Localidade	Provincia	Código postal	Teléfono

III. Declaración ou compromiso para facer constar, de acordo co establecido no artigo ... e na disposición transitoria única do Real decreto .../..... do de 2014, a entidade en asemblea e data acordou:

.....

....., de de 201..

(Sinatura)